



UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

REXISTRO XERAL

004307 10.02.2014 09.10

Á vista do escrito de don Arturo López Quintela, Director do Grupo de Investigación NANOMAG da Universidade de Santiago de Compostela, polo que manifesta a súa disposición a recibir alumnos/as para a realización de prácticas da titulación de Grao en Química impartido na Facultade de Química, matriculados na Universidade de Santiago de Compostela esta REITORÍA

-Considerando que o GI NANOMAG arriba citado está integrado na Universidade de Santiago de Compostela.

-Considerando que é vontade da Universidade potenciar a realización de actividades de formación, especialización e prácticas no ámbito dos estudos da titulación de Grao en Química da Facultade de Química, coa finalidade de contribuír a unha mellor e máis completa formación e cualificación do estudantado,

RESOLVE

Autorizar a realización das prácticas do alumnado da titulación do Grao en Química nas dependencias do Grupo de Investigación NANOMAG que se realizarán conforme ao seguinte réxime:

Durante o período non lectivo, as prácticas que realicen os alumnos/as constarán de 30 horas semanais. Durante o período lectivo a dedicación máxima será de 15 horas, salvo casos excepcionais. Computarase un crédito ECTS por cada vinte e cinco horas de prácticas, e a súa duración é a que establece o plano de estudos.

Estas prácticas realizaranse no período que determine a Facultade de Química de acordo coa Dirección do Grupo de Investigación NANOMAG, e concretaranse nas convocatorias que faga a USC.



- Ningún alumno/a terá a posibilidade de prorrogar ou repetir as prácticas realizadas ao abeiro deste convenio.
- Estas prácticas non comportarán compensación económica algunha. O feito de que o alumnado realice prácticas no Grupo de Investigación NANOMAG non suporá ningún tipo de relación laboral coa Universidade nin determinará a existencia de ningunha responsabilidade pola súa parte.
- Os alumnos/as que van realizar as prácticas serán seleccionados consonte unha convocatoria que respectará os principios de publicidade, igualdade, obxectividade e mérito.
- A Facultade de Química, nomeará a un titor/a, que realizará o seguimento das prácticas dos alumnos. Así mesmo, o Grupo de Investigación

NANOMAG nomeará a un titor/a deste centro que supervisará as prácticas realizadas polo alumno.

- Ao remate de cada período de prácticas cada un dos alumnos/as deberá realizar unha memoria final sobre o traballo realizado.
- A avaliación das prácticas realizaraa a USC a través do titor/-a, á vista da devandita memoria e do Informe do titor/-a de prácticas do Grupo de Investigación NANOMAG
- As prácticas soamente poderán ser avaliadas favorablemente se a ausencia do alumno/a non excede do 15% das horas programadas, ou o que determine a guía docente do programa de estudos.
Se a avaliación da memoria é positiva e o informe da actuación do alumno/a favorable, o responsable do Grupo de Investigación NANOMAG emitirá por cada un dos estudantes que participaran con regularidade nas prácticas unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos de investigación ou avaliación, etc. realizados.
A certificación deberá especificar que, para os efectos académicos, queda supeditada á avaliación que realice a USC das prácticas.
- Aqueles alumnos/as que teñan menos de vinte e oito anos seguen baixo a protección do seguro escolar. Non obstante, no caso de prácticas nas que conorra un risco excepcional, deberá contratarse un seguro de responsabilidade civil ou de accidentes

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2014

O REITOR



Juan José Casares Long

SR., DECANO DA FACULTADE DE QUIMICA
D. M. ARTURO LOPEZ QUINTELA- DIRECTOR DO GI NANOMAG
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA
SRA. DIRECTORA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA